

CATÁLOGO

PLAN LECTOR SECUNDARIA

CURSO
2026/
2027

EDITORIAL GALAXIA

LECTURA FÁCIL



Meigas

Esteban Folgar Brea

Colección: Lectura Fácil

ISBN: 978-84-1176-498-8

Esta é unha novela sobre meigas. Pero as meigas desta novela non son como ti cres: estas non rouban nenos e non lle fan dano á xente. As meigas desta novela viven entre nós, fan grupos de WhatsApp e axudan a quen o pide. Pero tamén se enfadan, bailan e van xuntas de festa.

As malas mulleres

Marilar Aleixandre

Colección: Lectura Fácil

ISBN: 978-84-1176-497-1

PREMIO EDUARDO BLANCO AMOR

PREMIO NACIONAL DE NARRATIVA



Esta historia pasa na Coruña en 1863. Fala da vida de Sisca, unha rapaza de 15 anos que está na Galera, o cárcere de mulleres. Nesta novela aparecen personaxes históricas, como Concepción Arenal, que foi visitadora dos cárceres, e Juana de Vega, que a acompañaba. As dúas loitaron por mellorar a vida das mulleres pobres, maltratadas e excluídas na Galicia do século XIX.




AUDIOLIBROS

(Dispoñibles en Google Play Books, La Casa del Libro e en máis de 250 tendas de todo o mundo)



Retrincos. Un ollo de vidro

Castelao (2025)




Birken

Diego Alfonsín (2026)



Son como glaciares os barcos de aceiro

Cynthia Menéndez (2026)



Runrún

Ana Varela (2026)



Contos gringos

Lara Dopazo (2026)



Os mortos que ameí

Iria Collazo López (2026)



Místicas. Curso do 34

Álvaro Domínguez

Colección: Bitácora

PREMIO NEIRA VILAS 2026



É o ano 1934. Clara Campoamor, a primeira deputada que fala ante o Congreso, consegue que o sufraxio feminino. Outra vitoria na loita polos dereitos da muller é de Miranda Xardín, a primeira Mística que entra na Escola de Tambo para Fillos de Breogán, unha institución masculina cunha longa historia no ensino do Oficio de menciñeiro, Alta Maxia e artes divinatorias. Cando un estudante é asasinado todos os rapaces acusan a Miranda de invocar unha moura para cometer o crime. Todos agás un, Nicanor, marxinado por mor dos seus intereses fóra da norma. Xuntos terán que resolver o misterio antes de que a moura, ou se cadra a misoxinia, acabe con eles.

Odio

Gabriel Romero de Ávila

Colección: Bitácora

ISBN: 978-84-1176-472-8

PREMIO NEIRA VILAS 2025



Un thriller futurista orixinal e trepidante.

Todo apunta ao comezo dunha nova guerra entre humanos e droides nas Terras de Poñente. Neo Vigo, a cidade dos neons e os rañaceos antigravitorios, aínda lembra a bomba atómica que explotou en Balaídos hai dez anos e rematou coa revolta da Nai Computadora. Pero agora hai un *influencer* que reaviva o odio, á vez que aparecen mortos seis replicantes no Museo do Pobo Galego de Compostela. Seis policías que participaron nunha carreira ilegal para divertimento dos humanos, e da que pronto vai haber unha nova edición en Auria. Este é un caso para a inspectora N4rv43z, da División de Seguridade da Fundación Omnia.

COSTA OESTE



Reencontro

Fred Uhlman

Colección: Costa Oeste

ISBN: 978-84-1176-558-9

Reencontro é a historia da amizade entre dous mozos de dezaseis anos separados pola barbarie nazi. Hans é fillo dun médico xudeu e Konradin un aristócrata descendente dunha das familias máis antigas de Alemaña. As súas afinidades e o seu xeito de ver as cousas convérteos en amigos íntimos, pero cando Hitler chega ao poder, Konradin entra nas filas nazis e Hans ten que marchar de Alemaña. Publicada en 1971, a novela traduciu-se rapidamente e converteuse nun éxito mundial. Na base deste recoñecemento están a súa fondura, a súa emotiva sinxeleza e a súa capacidade evocativa, calidades que fan dela unha pequena obra mestra e un referente da literatura crítica co holocausto nazi.



Unha historia de amor como outra calquera

Rosa Aneiros



Colección: Costa Oeste || ISBN: 978-84-1176-503-9

PREMIO RAÍÑA LUPA XUVENIL 2024

PREMIO FOLLAS NOVAS LITERATURA XUVENIL 2026

Que teñen en común o explorador Shackleton e a científica Olalla Caínzos? A fascinación pola Antártida! A iso debemos sumar o odio que Alma sente por eles. A súa nai era divertida e unha gran contadora de historias ata que a obsesión polo continente branco e polo quecemento global a papou enteira. Por iso, ela está en guerra aberta cun mundo que inclúe ao seu pai, a profe Patricia, a súa amiga Lía e o instituto. Mais Alma non tardará en aprender que na inhóspita Antártida, moitas especies sobreviven grazas a unha inmensa capacidade de adaptación. E ela é un deses fascinantes seres, só que aínda non o sabe. Unha novela chea de xistras, liques, calcetíns desparellos, ciber-carrachos, e trenzas viquingas que conforman unha historia de amor coma outra calquera.

COSTA OESTE



Todo o que fixemos aquela noite

Irene Rega Jul

Colección: Costa Oeste

FINALISTA PREMIO NEIRA VILAS 2026



Eramos novos e inconscientes, e sei que digo iso coma se pasasen vinte anos desde aquela noite. Gustábanos a troula, riámonos as gargalladas coma se nada máis importase e no horizonte só se vían cousas boas, como a calquera que lle quedase toda a vida por diante. E logo foi esa primeira decisión, a que se tardou en tomar menos dun segundo e desencadeou o que fixemos aquela noite. Prometemos non volver, esquecer e tragar os remorsos, pero a culpa queda latente, agardando polo momento de volver espertar e colonizar o corpo que habita.

Pontealbar

Adrián Noia

Colección: Costa Oeste

ISBN: 978-84-1176-508-4

A vida de Pedro de Pontealbar muda cando descobre que a fin do mundo está preto por culpa dun pacto entre o conde Albar e unha misteriosa criatura lendaria, o Demo da Serpe. A pantasma de Marcela, vítima da crueldade do conde, aparece para encomendarlle a Pedro a salvación da súa aldea antes de que sexa demasiado tarde.

Comeza así unha aventura por un mundo indescribible situado no val do Río Grande, onde o protagonista encontrará unha chea de criaturas que o axudarán a lograr o seu propósito. Co apoio do mítico Vento do Bosque, Pedro rematará por aceptar que o seu destino estaba escrito desde antes de que nacesse.



OS MISTERIOS

de Antía Yáñez



O misterio de Portomarín

Colección: Os misterios

Aqueles irmáns pensaban que o verán ía ser igual de monótono e gris que sempre. Mais por unha serie de casualidades van ter que investigar un misterio que todos coidaban esquecido... como a vila que descansa debaixo das augas do encoro. Durante anos, aquela vila anegada tivo os seus (terribles) segredos ben gardados. Mais agora van saír á luz...

O misterio do torque de Burela

Colección: Os misterios

Son milleiros de rapazas e rapaces os que coñecen estes catro irmáns e un can especialista en investigar misterios inquedantes. Percorren Galicia vivindo aventuras e descubrindo asasinatos e roubos. Son infalibles. Nesta nova e trepidante historia, demóstrano unha vez máis.

O misterio do castro de santa Tegra

Colección: Os misterios

Unhas vacacións máis, o misterio chama por Antón, Sabela, Iria, Carola e Venres, esta vez na Guarda. Seu pai ten que acudir alí a un congreso e toda a familia vai acompañalo, pero xusto o día da partida a avoa cae polas escaleiras e a nai queda para coidala no hospital. Ao chegar, descubren que nada é o que parece: quen fixo as reservas dos cuartos? Que é esa presenza estraña que senten de cando en vez? Que hai de certo na lenda da Laxe Sagrada do castro de Santa Trega? E se a avoa realmente non caeu, senón que... a caeron?



Runrún

Ana Varela

Colección: Literaria Ronsel

ISBN: 978-84-1176-331-8

Tras a prematura morte dos seus pais, Aldara sofre un episodio psicótico, e a súa irmá, Uxía, faise cargo, soa, da situación.

Esta é a historia de Uxía, unha xanela para asomarnos á súa vida. Apenas unhas horas que nos deixan ver os seus afectos, os escollidos e os que veñen dados, que por veces se volven caníbales, das circunstancias e dos prexuízos que nos atrapan, e de como todo pode virar nun momento, do fácil que é estar no outro lado do espello, iso que tanto tememos.



As humidades

Alba Tomé

Colección: Literaria Ronsel

ISBN: 978-84-1176-579-4



FINALISTA PREMIO ILLA NOVA DE NARRATIVA 2025

A infancia pode ser un paraíso perdido ou primeiro inferno. Cando a violencia se instala no fogar, este deixa de ser refuxio e muda nun territorio de medo que marca a vida futura. Nesta historia, un pai que aspira a medrar na política local constrúe unha nova imaxe pública mentres tenta enterrar o pasado. Na sombra, a avoa e as pequenas tecen unha alianza silenciosa, unha complicidade de miradas e agarimos, decididas a que non sexa tan doado reinventarse sen asumir as consecuencias. Esta novela esculca no sórdido e no tenro, na crueza e na delicadeza. Un relato poderoso que nos lembra que detrás das portas dunha familia común pode agocharse unha violencia invisible e unha forza inesperada disposta a romper o silencio.



Contos gringos

Lara Dopazo Ruibal

Colección: Literaria Ronsel

ISBN: 978-84-1176-330-1

Nestes *Contos gringos* hai tornados, campos de millo, animais salvaxes, reptilianos, mortes inesperadas e moito, moito frío.

Unha ducia de relatos que propoñen unha viaxe cara ao profundo dos Estados Unidos.

Desacougo e violencia, fenómenos naturais e segredos, bestas animais e bestas humanas.

A realidade e o sobrenatural mestúranse, ata que é imposible distinguilos.



Son coma glaciares os barcos de aceiro

Cynthia Menéndez


Colección: Literaria Ronsel

ISBN: 978-84-1176-367-7

Unha novela artesá, soldada con precisión liña a liña, palabra a palabra, como fan os traballadores coas chapas metálicas nas bancadas dos estaleiros.

Unha carta de amor ao Vigo industrial e combatente, aos fillos e fillas do traballo e da dignidade, a través dos recordos dun neno que medra entre as manifestacións, as folgas e a loita sindical a finais dos anos noventa.

Unha ofrenda ao Vigo todo azul, coma os uniformes dos traballadores, coma o ceo de día sobre a ría, azul coma a lealdade, o compromiso, a morriña; coma a saudade; azul coma o frío, as baleas baixo a auga azul, coma a tinta, coma o Celta, coma as revoltas obreiras. Coma os glaciares.



Eu son de aquí e de alá

Tamara Andrés

Colección: Literaria Ronsel

ISBN: 978-84-1176-557-2

Eu son de aquí e de alá vai na procura de Matilde Lloria (1912-2002), poeta que viviu de a caballo entre Valencia e Galicia, e que na España do século XX cultivou unha produción poética en valenciano, galego e castelán. Enfiando as voces de diferentes persoas convertidas aquí en personaxes, Tamara Andrés comparte a súa indagación arredor dunha autora alófona e migrante. É esta unha obra que se sitúa nun lugar intermedio. Tamén un exercicio de memoria fragmentada, un xogo de espellos, unha pescuda sobre o que fica fóra das historias literarias, unha man tendida, un intento de reparación.



Punto de Araña

Nerea Pallares

Colección: Literaria || ISBN: 978-84-1176-489-8


PREMIO GARCÍA BARROS 2025

PREMIO FOLLAS NOVAS DE NARRATIVA 2026



Chamada por ese espírito do mar bravo e do vento que peta na porta de todas as casas, Ari chega a Camariñas, unha vila labiríntica que lle resulta estrañamente familiar, para encargarse do museo de encaixe e exercer como guía turística, sen saber aínda que as mulleres da localidade tomaron unha decisión que está a piques de mudalo todo.

Punto de araña é unha novela mariñeira e coral, batida pola espuma das ondas que petan contra as rochas e tecida coas voces de tres xeracións de mulleres que se rebelan. Unha loa ás que tecen as redes invisibles que nos sosteñen; ás mans que, en silencio, entrelazan o mundo e ás mans das amigas, rede de redes.



Illa de sangue

Carmen V. Valiña

Colección: Literaria

ISBN: 978-84-1176-526-8

PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL 2025

Abondan dez minutos para percorrer a illa. Fan falta millóns de invernos para esquecela. Helena chega a este territorio de sangue procurando encher coas voces das mulleres que a precederon o silencio, os segredos e as palabras que non se din. Coa voz de Coral, que ulía a mimosas e a xuventude e soñou con ser a primeira universitaria da familia. Coas voces de Lucía e María, que renegaron do pai e casaron, mais non foron quen de rachar as cadeas que as unían a el. Coa voz de Lucrecia, que renunciou ao seu pelo cor do lume por un marido que a abandonou á hora da cea. Mulleres todas elas unidas para sempre pola fatalidade dunha illa, unha illa da que non podes saír sendo a mesma.



Perder o norte

María Quiroga

Colección: Literaria

ISBN: 978-84-1176-528-2

PREMIO ILLA NOVA DE NARRATIVA 2025

A perda dunha persoa querida de maneira inesperada, os recordos que golpean a memoria, as palabras que non se din, os encontros que adiamos e a culpa que aparece irremediabilmente. Unha viaxe en bicicleta para ordenar os pensamentos, tempo a soas para conectar con unha mesma e tamén para trabar conversa con persoas descoñecidas que emprenden o Camiño de Santiago coas súas propias mochilas persoais. O rodar e a auga salgada de mar como catarse. Perder o norte é unha viaxe poderosa por diversos territorios físicos e emocionais.



Asasinato na casa rosa


Arantza Portabales

Colección: Literaria

ISBN: 978-84-1176-360-8

A inspectora Iria Santaclara, de baixa para atender o seu home convalescente, recibe a sorprendente chamada do millonario Ulises Villamor. O empresario cre que a súa muller foi asasinada hai catro anos e quere que a inspectora investigue os feitos, trasladándose á súa mansión en Loeiro, a Casa Rosa, onde vive coa súa familia, porque sospeita que o responsable é alguén do clan familiar.

Ao pouco de iniciar as pescudas, a inspectora bate cunha nova morte e, ante esta inesperada circunstancia e o complexo da investigación, procura a axuda do seu antigo xefe, o comisario xubilado César Araújo. E así os dous tentarán desvelar a rede de misterios, mentiras e intrigas que envolven a familia Villamor.



Asasinato no Muíño do Cura

Arantza Portabales


Colección: Literaria

ISBN: 978-84-1176-577-0

Arantza Portabales regresa cun novo caso da agora detective Iria Santaclara e o comisario xubilado César Araujo. Volvemos a Loeiro, onde en 1984 acontece unha matanza no muíño do Cura que trae as súas consecuencias ata o presente, cando Alba Mariño chega á vila na procura de repostas sobre un pasado que lle roubaron e do que descoñece todo, agás a cicatriz que deixou na súa vida.

Santaclara e Araujo, coa inestimable colaboración de Sinda, a Gestapo, axudarán a Alba a desentrañar o sanguento misterio arredor do seu pasado e baterán coas sinistras irmás Freijomil, netas do cura, e coa vella historia da morte da súa sobriña Berta sendo nena, crime que nunca se resolveu.

DIVULGACIÓN



Tras da mirada de Jose Suárez **Olaia Sendón**

Colección: Xohán Ledo
ISBN: 978-84-1176-578-7

A vida e a obra do gran fotógrafo José Suárez renace neste libro escrito e ilustrado por Olaia Sendón como encontro entre fotografía e creación gráfica. Cada ilustración recorda que mirar é descubrir o que non se ve á primeira vista.



Por que comemos? E outras preguntas sobre o pracer e a historia da comida **Xosé Cermeño**

Colección: Lanterna de Aristóteles
ISBN: 978-84-1176-600-5

Por que comemos? A primeira pregunta é fácil. Comemos porque é unha necesidade biolóxica. Para manterse con vida e seguir funcionando, todos os seres vivos precisan de nutrientes que conseguen a través da alimentación. E as persoas non somos unha excepción. A pregunta xa está contestada? Mmm... En realidade é só o principio. Queda moito que contar. Comemos tamén porque conseguimos converter esa necesidade nun pracer.



BANDA DESEÑADA



O mar que me levou


Silvia Fernández Recouso

Colección: BD (Banda Deseñada)

ISBN: 978-84-1176-605-0

Sel, un mozo de 16 anos, vese obrigado a pasar o verán na pequena vila do seu avó Tito, un desaborido mariñeiro retirado a quen apenas coñece, xa que a súa nai nunca fala del. Alí, entre o aburrimiento e a sensación de non encaixar, reencóntrase con Noa, a súa amiga da infancia.

Xuntos descubren unha estraña rutina: cada mañá, Tito baixa ao peirao e lanza unha botella ao mar. O que ao principio parece un costume sen máis acaba por espertarlles a curiosidade e lévaos a tirar do fío dun pasado cheo de silencios e palabras levadas polo mar.



Adelina

Lodi, Sandra

Colección: BD (Banda Deseñada)

ISBN: 978-84-1176-502-2



PREMIO CASTELAO BANDA DESEÑADA 2024

Adelina foxe da residencia de anciáns onde está internada contra a súa vontade cun propósito tan teimudo coma ela: volver a súa casa.



Rosalía oculta

Paula Mayor

Colección: Novela gráfica

ISBN: 978-84-9151-834-1

PREMIO CASTELAO DE BANDA DESEÑADA 2023


PREMIO FOLLAS NOVAS DE BANDA DESEÑADA 2026



Rosalía de Castro foi, sen ningunha dúbida, unha muller avanzada ao seu tempo.

En pleno século XIX, cando a vida das mulleres practicamente se reducía ao fogar, unha escritora nova loita por expresarse libremente nunha sociedade que a ignora e a censura.

A súa obra fálanos da súa terra, da opresión e da marxinação do pobo, de temas tan actuais como o feminismo, as diferenzas entre clases, a emigración, a Igrexa e a androxinia. Só podemos alcanzar a xuntar unha pequena parte do quebracabezas que compón a súa persoa e iso é, en definitiva, o que tenta mostrar esta novela gráfica.




Historias do páramo

Pjota e Senande

Colección: BD (Banda Deseñada)

ISBN: 978-84-1176-407-0

Cairo é unha orca vagabunda que vive nun páramo abatido pola violencia de bandidos, bestas e señores da guerra sedentos de poder. Outros moradores fan o que poden para saír adiante neste mundo inhóspito e perigoso. A súa turbulenta vida dará un xiro no momento en que adopta unha peculiar rapaza que atopa tras unha escaramuza. Cairo e os seus compañeiros veranse envoltos nunha aventura inesperada, pois esa rapaza é de sumo interese para as forzas escuras que habitan neste lugar.



As alumnas

Paula Carballeira

Colección: Teatro


ISBN: 978-84-9151-798-6

PREMIO NACIONAL DE LITERATURA DRAMÁTICA

PREMIO FOLLAS NOVAS 2023 Á MELLOR OBRA DE TEATRO



Elvira Fontao e Rosa Lires, antigas alumnas de María Barbeito, volven atoparse na data da morte da mestra, no ano 1970. Xa son mulleres. Atrás queda a infancia, o mundo que lles abriu a mestra antes de que o Comité de Depuración a afastase do seu traballo na escola.



Os rapaces só se tocan para darse de hostias

Iván Caloto

Colección: Bitácora

ISBN: 978-84-1176-493-3

PREMIO DE TEATRO VIDAL BOLAÑO 2025



Inspirado nun caso real, acontecido nun instituto de Vigo no 2024, o texto fala dunha realidade que continúa a afectar aos nosos adolescentes, intentando atopar a raíces sociais, psicolóxicas e culturais dun tema como o bullying ou acoso escolar.



Fóra de campo

Rosalía Fernández Rial

Colección: Costa Oeste

ISBN: 978-84-1176-321-9

PREMIO DE TEATRO VIDAL BOLAÑO 2024



Nere, @nerena0 para ao Instagram, é unha moza que adora as súas amigas e se leva ben coas compañeiras do equipo de vólei. É unha adolescente máis, unha estudante máis dun instituto máis, coma calquera outra. Pero todo cambia cando Gladius, o influencer máis admirado, repara nela...



**CURSO
2026/
2027**

PLAN LECTOR SECUNDARIA

COSTA OESTE

literaria

RONSEL



BANDA DESEÑADA

BITÁCORA

LITERARIA ENSINO

COLECCIÓN
Xohán Ledo

novela • gráfica



TEATRO

f @famos.delibros

X @EdGalaxia

IG @galaxiaeditorial

WWW www.editorialgalaxia.gal

